

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 3 de xuño de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 31 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao puntos 2a e 6)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 2b e 4)
D. José Ángel Otero Lamas, xefe da Área de Investimentos (asiste ao punto 7)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 8, 9, 10 e 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)

A secretaria informa do único licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a ITURRI, S.A. por ter presentado correctamente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

A secretaria informa do único licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.L.A.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

4.- Apertura da documentación técnica

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de migración da plataforma de xestión da Passvigo e definición de novos verticais (9.489-113)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun vehículo autobomba urbana pesada 4x2, sen dotación (chasis, carrozado e grupo de bomba) para o parque central de Teis do Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo (6.341-213)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Incremento do prazo de garantía	Rapidez da resposta en caso de avarías	Frecuencia do compromiso de realizar un mantemento preventivo do vehículo por un período de 10 anos
1	ITURRI, S.A.	395.258,60	3 anos	menos de 24h. todos os días do ano	6 meses



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O licitador achega documentación xunto coa oferta.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento do proxecto de axenda urbana no Concello de Vigo e a análise e seguimento das distintas convocatorias e programas europeos e outras convocatorias nacionais e internacionais (671-441)

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Faise constar que na acta da sesión do 27 de maio de 2021, no punto 6c) relativo á apertura económica deste procedemento se fixo constar como Nivel de execución a.4 (nº) €/hora de GRUPO CONSIDERA, S.L. 32,85, en lugar de 32,35 como se recolle na súa oferta.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos do 28 de maio de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con GRUPO CONSIDERA, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A secretaria lémbrese que o 19 de abril de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 20 de maio de 2021 a enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)” (863-441)

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lémbrese que o 25 de maio de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 31 de maio de 2021 a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.*

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido” (811-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 28 de maio de 2021 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 21 de maio de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de maio de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 31 de maio de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda propoñer a exclusión de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. deste procedemento por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido" (811-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación do colector de saneamento na avda. Emilio Martínez Garrido" (811-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Baixa ofertada
1	PROYECON GALICIA, S.A.	19.749,10 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Baixa ofertada
2	NAROM, S.L.	19.576,73 €
3	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	16.184,12 €
4	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	11.661,48 €
5	CPA-CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	9.944,86 €
6	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA, S.L.	9.920,10 €
7	COTOVERDE OBRAS E SERVIZOS, S.L.	4.782,61 €

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROYECON GALICIA, S.A. (A-32.032.039), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.
- Sesión do 18 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.

Segundo.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 20 de maio de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,81
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,21
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,43
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,31
5	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	66,71

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a RESIGAL GESTION INTEGRAL DE GALICIA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 31 de maio de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Demolición de edificación na avda. Samil, nº 26 (antiga cafetería Camaleón)" (863-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L.	45.277,79 €



	Licitadores	Puntuación total
2	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	43.054,53 €
3	EXCAVACIONES J.CARREIRA, S.L.	32.301,60 €
4	CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A.	24.067,58 €
5	GRANIOREGA S.L.	20.821,80 €
6	POSADA ORGANIZACIÓN, S.A.	20.319,65 €
7	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	7.586,99 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, DEMOLICIONES JAVIER ARES S.L. (B-70.126.032), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que tivese presentado xustificación ningunha no prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Troncoso" (739-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	98,50
2	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	97,55
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95,21
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	90,37





	Licitadores	Puntuación total
5	NAROM, S.L.	81,10
6	MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	79,76
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	71,45
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	70,65
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	60,89

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Construción de beirarrúas na estrada José Rivas” (653-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Infórmase que con data do 18 de maio de 2021 notificou a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. a resolución de clasificación deste procedemento co requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 28 de maio de 2021, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. para os efectos de que poida emendar a documentación presentada mediante a presentación do anexo IV do PCAP esixido na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:05	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAH49-56D833-BB434A-ZDZ7DN-Z7KUJS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		